

Nº	Documento	Tipo
11	Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución polo mesmo concepto, segundo o anexo VI	Preceptiva
12	Certificado de integración en ADSC ou certificación do veterinario/a responsable do cumprimento do programa sanitario mínimo como o descrito no anexo V da Orde do 24 de outubro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás ADSC	Preceptiva
12(b)	Certificado de integración en ADSC	Baremo
13	Declaración de previsión do número de animais que se van criar e relación da identificación destes segundo o anexo III	Preceptiva
14	Declaración, de ser o caso, de envío de animais a centros colectivos de recría de Galicia, segundo o anexo VII	Baremo
15	Declaración, de ser o caso, de realizar transhumancia ou de enviar animais a pastos dentro dun marco de manexo tradicional, segundo o anexo VII	Baremo
16	No caso de beneficiarios con explotacións asociativas procedentes da fusión de polo menos dúas explotacións gandeiras, indicación dos Rega ou CEA das explotacións de procedencia, segundo a letra o) do punto 3º do artigo 9	Baremo
17	Declaración do beneficiario de cumprir a normativa de ambiente, sanidade e benestar dos animais, e non estar incurso en expediente sancionador por incumprimento desta, segundo o punto 4º do artigo 6	Preceptiva
18	Solicitud correctamente cuberta segundo o modelo do anexo I	Preceptiva

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 27 de agosto 2009 pola que se fai pública a terceira ampliación de créditos asignados ao Plan Remóvete para a substitución de vehículos en Galicia.*

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza celebrada o día 2 de xuño de 2009, acordou por unanimidade dos membros asistentes a aprobación das bases reguladoras das axudas do Igape ás pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóbiles con aferrallamento de automóbiles antigos (Plan Remóvete Galicia).

Mediante Resolución do 30 de xuño de 2009 procedeuse á publicación das ditas bases, así como á publicación dos créditos asignados (DOG nº 130, do 6 de xullo).

Analizada a evolución de solicitudes de apoio recibidas, mediante Resolución do 29 de xullo (DOG nº 149, do 31 de xullo), publicouse unha primeira ampliación de crédito asignado. Esta ampliación foi acordada na xuntanza do Consello de Dirección do Igape celebrada con data do 28 de xullo de 2009. Na dita xuntanza tamén se acordou a habilitación ao director xeral do Igape para proceder a novas ampliacións en función do crédito dispoñible, se se considerase conveniente.

Posteriormente, o día 12 de agosto acadáronse solicitudes por valor do 80% do crédito total publicado, polo que mediante Resolución do 18 de agosto (DOG nº 164, do 21 de agosto) se procedeu a unha segunda ampliación do crédito dispoñible en 2.000.000 euros adicionais.

Visto o número de solicitudes e, de conformidade coas facultades que teño conferidas,

### RESOLVO:

Primeiro.-Ampliar por terceira vez o crédito dispoñible en 2.000.000 euros adicionais, con cargo á partida orzamentaria 02.02 E4/10/04-656 do ano 2009.

Segundo.-Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE FACENDA

*Resolución do 31 de agosto de 2009, do tribunal designado pola Orde do 17 de xullo de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 141, do 21 de xullo) para cualificar o proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia (subgrupo C1), pola que se lles dá publicidade a determinados acordos do tribunal respecto da realización e corrección do primeiro exercicio da fase de oposición.*

En sesión que tivo lugar o día 31 de agosto de 2009, o tribunal designado pola Orde do 17 de xullo de 2009 (DOG número 141, do 21 de xullo) para cualificar o proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia (subgrupo C1), adoptou os seguintes acordos respecto da realización e corrección do primeiro exercicio da fase de oposición, de conformidade co disposto nas bases II.1.1.1 e II.1.2 da convocatoria:

Primeiro.-O primeiro exercicio da fase de oposición terá lugar o día 19 de setembro de 2009, no pavillón I do recinto da Feira Internacional de Silleda, en chamamento único que se iniciará ás 10.30 horas.

Segundo.-Os aspirantes admitidos en virtude das resolucións do 6 de marzo de 2009 (DOG número 50, do 12 de marzo) (definitivas) e do 27 de agosto de 2009 (DOG número 169, do 28 de agosto) (provisoriais), sen prexuízo do que resulte da estimación ou desestimación das alegacións que de acordo con esta última se puideran presentar, deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa